

**IES DE CATABOIS**

**PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

1. Normativa aplicable
2. Linguas nas que se imparten as distintas materias.
3. Criterios para determinar a lingua predominante no contorno
4. Contexto sociolingüístico do centro.

Datos do MSG

Datos do estudo realizado no centro.

5. Obxectivos do presente plan

Obxectivos xerais.

Obxectivos específicos

Ámbito organizativo de xestión e recursos

Ámbito docente

6. Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico
7. Medidas adoptadas para o alumnado que non ten suficiente dominio das linguas oficiais.
8. Plano de actividades para a dinamización da Lingua Galega.

## **1. NORMATIVA APLICABLE**

A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

O artigo 3 da Constitución establece, no seu punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

A mobilidade do estudiantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un obstáculo para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

O Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios, recoñece que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo. Este feito ten que se ver agora completado coa derogación do citado decreto e a elaboración dunha nova normativa orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar garantindo igualmente a mesma competencia en ambas as dúas linguas. Segundo o decreto 124/2007:

1. Na educación secundaria obrigatoria impartiranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía, por un lado, e física e química, por outro, ambas as dúas materias impartiranse en galego.

2. Ademais das materias establecidas na epígrafe anterior, o claustro completará o número de materias, excluída a materia que a Lei orgánica de educación determina de carácter voluntario para o alumnado, que garantan o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral da normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo a este decreto. No caso do noso centro son a Educación Física e o Proxecto interdisciplinar, ambas do 1º ciclo.

3. A educación secundaria obrigatoria proporcionaralle a todo o alumnado unha boa competencia nas dúas linguas oficiais que repercuta de forma positiva no seu uso.

Segundo o artigo 6 do citado decreto 124/2007:

1. Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e da lingua castelá.
2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte

do alumnado. Nas programacións e outros documentos didácticos referidos á lingua castelá poderase utilizar esa lingua.

## LINGUAS NA QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS.

**(inserir cadro do doc)**

## CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO

Os criterios nos que se basea o PLC para a determinación da lingua predominante no contorno son a análise do contexto sociolingüístico do centro, a situación do profesorado, a situación do alumnado a ambientalidade lingüística do centro. Para iso tivéronse en conta os datos extraídos dos inquéritos realizados aos distintos sectores da comunidade educativa ademais dos que conteñen estudos oficiais máis amplos como os do Mapa Sociolingüístico de Galicia na zona de influencia do centro.

### CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

A práctica totalidade do alumnado do IES de CATABOIS reside no Concello de Ferrol pero proceden da área periférica do municipio, así como de varias parroquias do rural. Comparten, por tanto, características de zona urbana e periurbana


Segundo os datos do MSG Ferrol resulta a cidade máis castelanizada no conxunto das sete grandes cidade. Dentro do grupo de idades que vai dende os 15 aos 54 nos (nos que se sitúan os pais do noso alumnado) obsérvase que a proporción de persoas que adquiriron de maneira única ou preferente o castelán ascende ao 84,5%.

É tamén en Ferrol onde se rexistran as puntuacións máis baixas de Galicia no tocante ás capacidades para entender, ler e escribir en lingua galega


Dos datos referentes aos ámbitos de adquisición do galego e do castelán chama a atención como a medida que imos baixando no tramo de idade aumenta de maneira alarmante o número de persoas que adquire o galego unicamente na escola e o castelán por vía familiar.

DATOS EXTRAÍDOS DO ESTUDO REALIZADO NO CENTRO  
SITUACIÓN DO ALUMNADO.


En que lingua aprendiches a falar?




Que lingua se fala habitualmente na túa casa?



Que lingua usas habitualmente?




Que lingua usas habitualmente na escola?




### SITUACIÓN DO PROFESORADO

Ante todo é imprescindible destacar que só o 66 % do profesorado se prestou a cubrir as enquisas que servirían como base para a elaboración do PLC. Dos inquéritos realizados extráense as seguintes conclusións.


Lingua empregada habitualmente



Lingua empregada habitualmente no centro educativo




Capacitación para empregar o galego na docencia



Dos que consideran que teñen unha capacidade media ou inferior a disposición facer cursos para melloralos queda así reflectida:





## AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A lingua galega é a predominante na documentación administrativa, no rotulado do centro e nos taboleiros. Tamén é a que se usa nas interaccións co alumnado, familias e institucións en contextos formais e informais. Con todo, é necesario fomentar máis o uso do galego na cafetería tanto por parte do persoal que alí traballa coma nos carteis expostos.

Polo que se refire ao uso polo persoal non docente consideramos que se acada un 50% de uso da lingua galega fronte á castelá, porcentaxe que descende considerablemente por parte da ANPA.

Dentro da biblioteca a dotación do fondos en lingua galega é aceptable e sempre se aproveitan as axudas concedidas para o ENDL ou por parte doutras institucións para aumentala.

No eido das TIC estase a avanzar no uso da lingua galega como acontece en moitos outros ámbitos da sociedade. É un longo camiño por percorrer pero os piares xa están postos.

Con todos estes datos expostos pode extraerse a conclusión que estamos ante un centro tipo b, é dicir, **cun contorno con predominio do castelán.**

## OBXECTIVOS DO PRESENTE PLAN

### Obxectivos xerais.

- Conseguir que a lingua galega sexa a lingua habitual do centro en todos os seus ámbitos, tanto a nivel oral como escrito e promover o seu uso: nos actos, tanto internos como externos, e tamén na documentación.

- Manter a participación de toda a comunidade educativa no proceso de normalización da nosa lingua no centro.

- Incrementar a existencia de actitudes positivas cara ao uso e o coñecemento da lingua e a cultura galegas.

- Velar pola participación de toda a comunidade educativa nas actividades que fomenten o uso da lingua e a integración da cultura galega.

- Planificar actividades que garantan e promovan o coñecemento da lingua e a cultura galegas por parte de toda a comunidade educativa.

- Establecer as estratexias de ensino, as prácticas e as accións educativas que garantan que o alumnado logre un dominio oral e escrito do galego e do castelán axeitado ao seu nivel de estudos e de maduración persoal.

- Adecuar o Proxecto Curricular de Centro (PCC) de cada etapa e modalidade a estes obxectivos.

- Compensar o desequilibrio existente no coñecemento e o uso desigual da lingua galega determinado pola situación ambiental en que vive o alumnado, onde a lingua castelá ten un predominio social case absoluto na maioría de ámbitos ( medios de comunicación, publicidade, etc.).

- Conseguir que o uso da lingua, no centro e fóra do centro, potencie a non discriminación por razóns de sexo, procedencia, ideoloxía e condición.

Estes son os puntos de referencia básicos para a formulación dos obxectivos específicos, sobre os cales se baseará a planificación da normalización.

### **Obxectivos específicos.**

#### **Ámbito organizativo, de xestión e recursos**

##### **Relacións internas:**

- O Equipo Directivo ha de animar á Comunidade Educativa a facer do galego a lingua de uso habitual do Centro, tanto no aspecto de ensino-aprendizaxe coma no ámbito da relación persoal.

- Facer que o ENDL se ocupe de dar apoio aos departamentos didácticos na corrección e preparación de material didáctico ou administrativo, busca de materiais curriculares, ampliación de compilacións terminolóxicas específicas nas diferentes materias etc.

- Manter a colaboración entre o ENDL e a Biblioteca do centro para levar a cabo proxectos comúns que contribúan ao proceso de normalización da nosa lingua.

- Manter toda a documentación que xere a xestión académica e a xestión económica e administrativa do instituto, así como as comunicacións escritas dirixidas aos diferentes membros da comunidade escolar en lingua galega.

- Recibir e atender os pais e o público prioritariamente en lingua galega.
- Dotar os departamentos e as aulas dos recursos necesarios que posibiliten a normalización lingüística.
- Divulgar o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa e, sobre todo, polo profesorado, persoal non docente e alumnos novos.
- Xerar un ambiente de confianza e tolerancia cara á normalización lingüística.
- Usar o galego de forma preferente nas actividades extraescolares e favorecer a participación en actividades culturais en galego organizadas polo instituto ou por outras entidades.
- Sensibilizar os pais, as nais e o alumnado sobre a necesidade de usar e promover o uso das dúas linguas oficiais.

#### **A lingua das reunións e órganos de xestión e traballo do profesorado:**

- Consegur que a lingua habitual en todo tipo de reunión de docentes sexa o galego.
- Manter a lingua galega como lingua de comunicación escrita en todas as reunións e actas da comunidade educativa.

#### **O profesorado:**

- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado.
- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e os pais e nais.
- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o persoal de administración e servizos.
- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o alumnado en todos os ámbitos do centro e espazos.
- Contribuír a desenvolver a conciencia lingüística entre o alumnado, combatendo prexuizos lingüísticos cara ao galego

#### **O alumnado:**

- Consegur que a actitude dos alumnos e alumnas cara á lingua galega sexa positiva.
- Consegur que os alumnos usen a lingua galega en calquera situación.

#### **Persoal de administración e servizos:**

- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o persoal de secretaría e conserxería e o resto da comunidade educativa.

**Asociación de pais e nais de alumnos (ANPA):**

- Conseguir a utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre os membros representativos da ANPA e o resto da comunidade educativa.

**Recursos materiais e equipamentos:**

- Empregar a lingua galega en todos os rótulos e carteis informativos.

- Conseguir que nas novas adquisicións de material didáctico para o fondo da biblioteca do Centro se siga o criterio de adquirir obras en versión orixinal e de dar preferencia ás versións galegas para as obras orixinadas noutras linguas, se as houber. Os materiais elaborados en galego serán prioritarios á hora de adquirir enciclopedias, dicionarios especializados, materiais audiovisuais ou informáticos e libros de uso xeral ou de consulta.

- Conseguir que os materiais xerais das aulas, como carteis anunciadores e convocatorias sexan en galego, tamén o das aulas específicas, como as de informática, audiovisuais, ximnasio, tecnoloxía, talleres e laboratorios.

- Asegurar que os recursos materiais do centro (libros, anuncios, convocatorias, xogos, audiovisuais, software, ...) sexan en lingua galega.

**Cafetería:**

- Asegurar que toda a rotulación sexa en lingua galega.

- Facilitar ao persoal que traballa, se fai falta, aqueles recursos que favorezan o exercicio da súa actividade profesional en galego.

**Publicacións do centro:**

-Garantir/conseguir que o galego sexa a lingua das diferentes publicacións do centro.

**3.2.1.2 Relacións externas:**

- Facer da lingua galega o vehículo de expresión normal, tanto oral como escrito, do instituto nas relacións con outras institucións, empresas ou estamentos con quen traballa habitualmente; coa excepción daqueles documentos que teñan como destino entidades ou organismos fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Utilizar a lingua galega para presentarse en actos públicos e para dirixirse aos medios de comunicación.

- Levar a cabo unha coordinación estable cos centros de procedencia dos alumnos para o intercambio de información sobre o grao de coñecemento e uso da lingua.

- Incrementar a participación do centro en todas as actividades organizadas polas entidades locais que teñan como obxectivo fomentar o uso da lingua e a integración á cultura galega.

- Colaborar coas institucións, organizacións, empresas e instancias do ámbito sociocultural do centro para coordinar esforzos para a extensión efectiva do uso social do galego entre o alumnado e as súas familias.

- Garantir que a lingua galega sexa o vehículo de expresión normal na información e a imaxe institucional do centro que se ofrezca empregando as novas tecnoloxías TIC e, especialmente, a que se ofrezca a través de Internet.

### **3.2.2 Ámbito docente**

- Asegurar a utilización do galego como lingua vehicular e de aprendizaxe do centro no maior número de materias posibles, como mínimo o 50% do cómputo horario das materias que reciben os alumnos de cada grupo.

- Garantir que a lingua galega como lingua de aprendizaxe e de comunicación, faga as funcións de vehículo de expresión cotiá e sexa a lingua usual do centro.

- Velar porque os prexuízos lingüísticos queden fora do currículo transversal do centro e valorar a lingua galega como elemento de integración e cohesión das persoas que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe.

- Conseguir que os criterios xerais para as adaptacións do proceso de ensino das linguas sexa adecuado á realidade sociolingüística do centro

- Establecer criterios para o tratamento das linguas curriculares, así como para o uso destas na docencia doutras materias.

- Tratar nas reunións dos equipos docentes de cada grupo a problemática lingüística e unificar criterios.

- Outorgar á titoría e ao departamento de orientación un papel protagonista na sensibilización a favor da normalización lingüística do centro e da sociedade.

- Adoptar un criterio xeral de discriminación positiva respecto ao galego na toma de decisións en diferentes ámbitos tendo en conta que é a lingua que parte dunha situación de desvantaxe e que, polo tanto, ten que ser compensada esta desigualdade.

- Atender os alumnos de incorporación tardía, os alumnos exentos da avaliación da materia de lingua galega e os alumnos con necesidades educativas especiais,

mediante un tratamento lingüístico e cultural que vaia permitindo a súa incorporación progresiva ao ensino na nosa lingua.

- Conseguir que os departamentos didácticos redacten as programacións e as memorias en galego.

- Conseguir que a lingua galega sexa o vehículo de expresión subsidiario na aprendizaxe das linguas estranxeiras do centro. Con todo, e como punto de partida, a lingua subsidiaria (auxiliar) poderá ser unha presenza equilibrada das dúas linguas, galego e castelán.

- Conseguir que, en canto que actividades do centro, a lingua galega sexa a propia das actividades extraescolares e complementarias.

### **MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO**

Medidas curriculares.

- O alumnado que posúa un informe no que se indiquen as especiais dificultades ou carencias no ámbito lingüístico debe recibir, en lugar da materia de segunda lingua estranxeira, as medidas de reforzo que permitan achegalo ao nivel mínimo esixible nas competencias das linguas oficiais (programación específica suxerida por varios departamentos).

- No caso de ser precisa, efectuarase a incorporación do alumno/a a agrupamentos flexibles en lingua galega e lingua castelá.

- Contemplanse as medidas de reforzo dentro da aula que se consideren oportunas así como as adaptacións curriculares pertinentes.

- O alumnado con necesidades educativas específicas traballará co profesor/a de PT e Audición e Linguaxe na potenciación da comprensión lectora e no correcto uso das linguas oficiais.

- O alumnado dos PDC intensifica a carga horaria no Ámbito lingüístico. Neste sentido, tentarase reforzar especialmente a competencia nas dúas linguas.

Medidas extracurriculares.

O ENDL e os diferentes departamentos didácticos terá a responsabilidade de proñoer e organizar as diferentes actividades de difusión, promoción ou mellora na competencia lingüística, así como a implicación en certames, concursos, etc. que redunden no fortalecemento de ditas competencias.

#### MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS OFICIAIS

A presenza de alumnado inmigrante no centro é escasa, practicamente nula. De presentarse o caso de alumnos que non teñen dominio suficiente nalgunha das linguas oficiais aplicaranse as medidas contempladas na lei para tal efecto. Dependendo do caso en concreto estudarase previamente o grupo no que incluído levaranse a cabo as oportunas medidas de reforzo educativo ou mesmo de adaptación curricular.

No caso de que este alumnado descoñeza completamente as linguas oficiais integrarase nun grupo de adquisición de linguas e a súa permanencia nel rexerase polo disposto na orde de 20 de febreiro de 2004 (DOG n 40 de 26 de febreiro de 2004)

#### **4. PLANO DE ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA**

Estas actividades quedan reflectidas na programación que cada curso presenta o ENDL